

1.3.

agregados da demanda

A **demanda interna** segue comportándose no ano 2006 como o motor do crecemento experimentado pola economía galega (4,1%), ascendendo a súa contribución ao crecemento agregado do PIB a 4,7 puntos (tres décimas máis que no ano anterior). O cadro macroeconómico reflicte que todos os compoñentes da demanda experimentaron unha leve medra respecto ao ano anterior, sendo o incremento máis importante o do investimento -Formación Bruta de Capital-, que creceu un 5,3% respecto ao ano anterior. O gasto en consumo fíxoo nun 3,5%, sendo o compoñente que máis aumenta o do gasto das Administracións públicas, co 3,9%.

A achega da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa en 2006, se ben mellora en medio punto porcentual: -0,6 puntos en 2005 e -1,1 no ano 2006. Este mellor comportamento veu motivado polo maior dinamismo das exportacións, que medraron un 6,8%, respecto ás importacións, que o fixeron nun 6,3%.

Demanda interna

O incremento da contribución da demanda interna ao crecemento económico galego debeu-se tanto á medra do gasto en consumo final como á do investimento. Como reflicte o **cadro 1.3.1.**, o gasto en consumo final medrou ao longo do ano 2006 un 3,5%, unha décima máis que no ano anterior, sendo este incremento do 3,4% no caso do gasto dos fogares e do 3,9% no das Administracións públicas. O investimento presentou ao longo de todo o ano unhas taxas de crecemento superiores ás do gasto en consumo final, acadando un crecemento medio do 5,3%.

• Consumo

A renda familiar bruta dispoñible (RFBD) presenta en Galicia, no ano 2006, unha medra do 7,5%, un punto e unha décima por riba da experimentada no ano precedente. No conxunto do Estado prodúcese tamén unha aceleración no seu crecemento, acadando unha taxa do 7,3%, fronte ao 6,8% do ano anterior.

Segundo o índice de vendas do comercio polo miúdo, as vendas experimentaron, tanto en Galicia como en España, un maior crecemento. En Galicia, en 2006, medraron un 2,3%, case punto e medio máis que no ano anterior, en tanto que no conxunto do Estado a taxa de crecemento foi do 1,6%, catro décimas máis que a rexistrada en 2005.

A matriculación de vehículos, indicador clave da evolución do gasto en consumo dos fogares, volve a amosar un maior crecemento do ano 2005. O número de turismos e motocicletas matriculados en Galicia no último ano medrou un 4,2% respecto ás matriculacións de 2005 (5,8% en 2005), sendo esta medra do 2% no conxunto do Estado (6,8% no ano precedente).

PIB trimestral 2005-06: taxas de variación interanuais dos principais agregados da demanda

	2005	2006	2005				2006			
			Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV	Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV
			(%)							
Gasto en consumo final	3,4	3,5	3,1	3,7	3,2	3,4	3,2	3,1	3,6	4,2
gasto dos fogares	3,2	3,4	3,1	3,4	3,2	3,2	3,1	3,0	3,4	4,2
gasto das AA.PP.	3,8	3,9	3,3	4,5	3,4	4,0	3,7	3,4	4,1	4,2
Formación bruta de capital	5,2	5,3	5,0	7,3	4,4	4,3	5,7	4,4	5,2	5,9
Demanda interna (1)	4,4	4,7								
Exportacións de bens e servizos	3,3	6,8	2,1	2,7	3,6	4,6	10,9	8,8	2,6	5,1
Importacións de bens e servizos	4,3	6,3	3,8	4,1	3,9	5,4	7,0	6,7	5,5	6,2
PIB a prezos de mercado	3,3	4,1	3,2	3,3	3,1	3,5	4,0	4,1	4,1	4,2

(1) Achega ao crecemento do PIB pm (prezos constantes)
 Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

1.3.1.

Principais indicadores do consumo e do investimento en Galicia e España 2005-06

	Galicia		España	
	2005	2006	2005	2006
	(taxas de variación interanuais)			
Consumo				
Renda familiar bruta dispoñible <i>(correntes)</i>	6,4	7,5	6,8	7,3
Índice de vendas do comercio polo miúdo	4,2	5,8	4,4	5,0
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(p. constantes)</i>	0,9	2,3	1,2	1,6
Produción de bens de consumo	5,7	11,9	0,2	2,1
Produción de bens de consumo duradeiro	6,9	18,1	-1,0	10,6
Produción de bens de consumo non duradeiro	5,6	11,2	0,3	0,9
Importación de bens de consumo	9,5	18,5	8,8	12,4
Matriculación turismos e motocicletas	5,8	4,2	6,8	2,0
Ocupación hoteleira	-4,0	2,1	5,7	16,1
Gasto de Administracións Públicas	3,8	3,9	4,8	4,4
	(saldo medio das respostas)			
Expectativas do consumidor				
Indicador de confianza do consumidor (1)	-19,8	-19,3		
Indicador de sentimento (1)	-28,0	-25,9		
Capacidade futura de aforro (1)	-36,1	-32,5		
Oportunidades de facer grandes compras (1)	-58,3	-51,5		
Posibilidade actual de aforro (1)	-44,1	-37,3		
Perspectivas de evolución da situación económica	-17,9	-19,1		
Investimento				
	(taxas de variación interanuais)			
Formación bruta de capital	5,2	5,3	7,0	6,3
Produción de bens de equipo	-2,5	11,2	-0,7	8,3
Matriculacións de vehículos de carga (2)	6,9	-1,7	13,2	1,5
Importacións de bens de equipo	43,8	3,3	8,0	7,5
Licitación pública				
Licitación pública de todas Administracións	-12,7	10,7	24,1	18,9
Licitación pública da Admon. Central	-42,4	57,0	11,2	33,8
Licitación pública Admons. Autonómicas	27,7	-18,3	14,7	30,4
Licitación pública de Admon. Local	47,4	-25,1	47,2	-1,7

(1) Presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

(2) Considéranse as matriculacións de camiós, furgonetas, autobuses e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, Seopan, ICEX, Funcas e Oficemen

1.3.2.

Fronte á devandita ralentización, no ano 2006 reflíctese en Galicia unha medra da produción de bens de consumo, que experimentou unha taxa de variación media anual do 11,9% (máis de seis puntos por riba do rexistrado no ano anterior). Ao igual que en 2005, este crecemento ven motivado tanto pola medra da produción de bens de consumo duradeiro, un 18,1%, como polo incremento da produción de bens de consumo non duradeiro, que creceu nun 11,2% en relación ao ano 2005. No conxunto do Estado, a produción total medrou un 2,1%, como resultado dunha medra do 10,6% no caso dos bens de consumo duradeiro e do 0,9% no caso da produción de bens de consumo non duradeiro.

Os valores negativos das **expectativas do consumidor** galego (fonte: IGE) indican que en

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo e préstamos hipotecarios a máis de tres anos 2001-2006

	Tipos de xuros referente a créditos para o consumo		Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos		
	Bancos <i>(datos no mes de decembro)</i>	Caixas de aforros	Bancos	Caixas de aforros <i>(medias anuais)</i>	Conxunto entidades
2001	9,47	8,93	5,60	5,93	5,76
2002	9,22	8,57	4,69	4,90	4,80
2003	9,25	8,29	3,63	3,79	3,71
2004	8,68	8,04	3,27	3,44	3,36
2005	8,75	7,91	3,18	3,37	3,28
2006					
Xaneiro	8,83	7,93	3,52	3,65	3,59
Febreiro	8,84	7,95	3,64	3,75	3,70
Marzo	8,84	7,96	3,68	3,82	3,76
Abril	8,85	7,98	3,76	3,94	3,85
Maio	8,89	7,98	4,00	4,09	4,05
Xuño	8,90	7,99	4,06	4,20	4,13
Xullo	8,91	8,00	4,16	4,29	4,23
Agosto	8,91	8,00	4,32	4,39	4,36
Setembro	8,95	8,01	4,38	4,52	4,45
Outubro	8,90	8,01	4,52	4,60	4,56
Novembro	8,90	8,01	4,62	4,66	4,65
Decembro	8,90	8,02	4,74	4,77	4,75

Fonte: Banco de España

1.3.3.

2006 se mantén o mesmo nivel de pesimismo reflectido polos consumidores no ano anterior. O indicador de confianza do consumidor (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados) acadou no último ano un rexistro negativo de 19,3 puntos, tan só cinco décimas mellor que en 2005. O **cadro 1.3.2.** amosa un empeoramento das perspectivas de evolución da situación económica e, dentro do contexto pesimista que reflicten os valores negativos, unha lixeira mellora dos indicadores de sentimento do consumidor (indicador resume calculado a partir da información sobre as oportunidades de facer grandes compras e sobre a situación financeira persoal e de Galicia), da posibilidade actual de aforro e da capacidade futura de aforro.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.3.** reflicte un lixeiro repunte dos tipos de xuro dos créditos ao consumo no caso dos bancos e das caixas de aforros. No mes de decembro de 2006 o tipo de xuro referente a créditos para o consumo situouse no 8,90% no caso dos bancos e do 8,02% no das caixas de aforros.

O último indicador do consumo recollido no devandito **cadro 1.3.2.** é o que fai referencia ao gasto en **consumo final das Administracións públicas.** Este presentou en 2006 unha taxa de crecemento do 3,9%, unha décima por riba do rexistrado no ano anterior. Por contra, no conxunto do Estado a medra foi do 4,4%, catro décimas inferior ao crecemento de 2005.

• Investimento

A **formación bruta de capital** experimentou no ano 2006 unha taxa de crecemento medio do 5,3%, unha décima máis que a rexistrada no ano anterior. Tal como reflicte o **cadro 1.3.1.,** ao longo do ano este indicador acadou unha taxa de crecemento máxima do 5,9% no derradeiro trimestre do ano, acadando a medra máis baixa no segundo trimestre, cun 4,4%.

Polo que respecta ao **investimento en bens de equipo,** reflectido nos datos de produción industrial, o devandito **cadro 1.3.2.** indica unha importante medra do mesmo en Galicia no ano 2006. Trala caída do 2,5% rexistrada en 2005, a taxa de crecemento media anual da produción de bens de equipo experimentou un crecemento do 11,2% (8,3% de media en España). Fronte a este medra, as importacións de bens de equipamento sufriron unha ralentización no seu crecemento, en tanto que as matriculacións de vehículos de carga caíron no último ano un 1,7% na comunidade galega.

A licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en Galicia, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha medra do 10,7% respecto á licitación de 2005. Se se ten en conta a súa desagregación en Galicia segundo as diferentes administracións, este incremento ven explicado polo comportamento da licitación pública da Administración Central, que medra un 57% (no conxunto do Estado esta medra un 33,8%), xa que a licitación das administracións local e autonómica presentan unha caída do 25,1% e o 18,3%, respectivamente.

En canto ao **investimento empresarial**, no ano 2005 continúa o descenso da importancia relativa do inmovilizado inmaterial no investimento total. Asemade, cómpre salientar, **cadro 1.4.12. [Actividade empresarial 2004-05: evolución do investimento e do financiamento]**, que o 30,4% do investimento se financia con recursos propios e o 69,6% restante, con recursos alleos, fundamentalmente recursos a curto prazo, que financian o 48,8% do investimento total.

Sector exterior

A achega negativa da demanda externa ao crecemento agregado do PIB reduciuse no ano 2006 en medio punto porcentual, acadando os -0,6 puntos porcentuais fronte aos -1,1 puntos do ano anterior. Este descenso da achega negativa do sector exterior veu motivada por unha aceleración do crecemento das exportacións superior á experimentada no caso das importacións galegas.

En termos absolutos, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 31.801,3 millóns de euros (prezos correntes) e que as importacións ascenderon a 39.109,6 millóns de euros. Polo tanto, o grado de apertura da economía galega foi do 137,0% (133,6% no ano anterior) e a taxa de cobertura acadou o 81,3%, unha décima máis que en 2005 (**cadro 1.3.4.**).

O resto das comunidades autónomas españolas constitúen o principal mercado dos nosos produtos, ao acoller o 61,1% das importacións e o 55% das exportacións galegas. O ano 2006 presentou un elevado incremento do déficit comercial das relacións co resto das CC.AA. (28,3% respecto ao ano anterior), que ascendeu a 6.415,7 millóns de euros. A taxa de cobertura destas relacións comerciais foi do 73,1% (76,8% no ano anterior).

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, cómpre salientar a forte concentración e especialización das relacións comerciais. Dunha banda, o 70% das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e máis da metade das compras proveñen desta zona xeográfica. Doutra, un só capítulo arancelario, o 87, representa o 21,1% da importacións e o 34,3% das exportacións á UE e ao resto do mundo (os dez primeiros capítulos de importación e exportación supoñen o 77% do valor total das mesmas).

• Comercio exterior con terceiros países

A actividade comercial (suma de exportacións e importacións) en Galicia segue rexistrando crecementos superiores aos do conxunto do Estado no ano 2006. Na comunidade galega esta medrou un 14,2% respecto ao ano anterior, seis puntos máis que o experimentado en 2005, sendo este incremento do 10,7% no conxunto do Estado (9,2% en 2005). Esta evolución prodúcese polo incremento do 18,1% no das exportacións (oito puntos porcentuais e medio máis que en España) e do 10,6% rexistrado no caso do valor total das importacións galegas (oito décimas por baixo da media española).

No último ano mellorou dun xeito significativo o **déficit da balanza comercial** galega, que se sitúa en -892,6 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2005 presentaba un saldo negativo de 1.627,1 millóns de euros. Ao igual que sucedía no ano 2005, o **cadro 1.3.5.** reflicte que o saldo comercial é positivo nas provincias de Pontevedra e Ourense e negativo en A Coruña e Lugo.

As catro provincias galegas experimentaron en 2006 unha medra da súa actividade comercial, salientando os incrementos rexistrados en Lugo, cun crecemento do 26,6% respecto ao ano anterior. Pontevedra, cun incremento do 14%, segue a ser a que presenta a maior actividade comercial, ao acoller o 48,8% da actividade comercial galega, por diante de A Coruña, co 44,9%.

Importacións e exportacións de Galicia 2005-06: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006	2005	2006
	(en millóns de €)				(%)			
Total (1)	35.322,0	39.109,6	28.693,5	31.801,3	-6.628,5	-7.308,3	81,2	81,3
Resto de CC.AA. (2)	21.569,8	23.892,9	16.568,3	17.477,2	-5.001,5	-6.415,7	76,8	73,1
UE e terceiros países	13.752,3	15.216,7	12.125,2	14.324,1	-1.627,1	-892,6	88,2	94,1
Europa	8.190,9	9.530,4	9.450,1	11.119,7	1.259,3	1.589,3	115,4	116,7
Unión Europea	7.158,4	8.286,8	8.848,4	10.160,7	1.689,9	1.873,9	123,6	122,6
Europa Oriental	552,3	554,6	297,8	600,6	-254,5	46,0	53,9	108,3
Países EFTA	221,7	357,3	38,6	65,5	-183,1	-291,8	17,4	18,3
Resto de Europa	258,5	331,7	265,4	292,9	7,0	-38,8	102,7	88,3
África	1.755,8	1.460,3	627,8	653,9	-1.127,9	-806,4	35,8	44,8
América	2.600,4	2.830,8	1.262,1	1.757,0	-1.338,2	-1.073,8	48,5	62,1
América do Norte	586,5	743,6	325,8	934,4	-260,7	190,8	55,5	125,7
Islas do Caribe	494,2	225,4	413,6	277,6	-80,6	52,2	83,7	123,2
América Central	767,2	885,0	342,0	338,2	-425,2	-546,8	44,6	38,2
América do Sur	752,5	976,8	180,8	206,9	-571,7	-769,9	24,0	21,2
Asia	1.075,4	1.288,4	607,8	610,4	-467,6	-678,1	56,5	47,4
Oceanía	129,9	106,8	99,5	94,0	-30,3	-12,8	76,6	88,0
Outros	-	-	73,4	77,8	73,4	77,8		

(1) Valor total de exportacións e importacións recollidos no cadro macroeconómico de Galicia
 (2) Calculado como a diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países
 Fonte: IGE

○ 1.3.4.

Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2005-06

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en millóns de €)			(en millóns de €)			(en millóns de €)		
			(%)			(%)			
A Coruña	6.870,0	7.303,8	6,3	4.842,1	5.970,1	23,3	-2.028,0	-1.333,7	694,3
Lugo	442,3	619,3	40,0	359,1	395,0	10,0	-83,2	-224,3	-141,1
Ourense	245,8	301,5	22,7	473,6	542,6	14,6	227,8	241,1	13,3
Pontevedra	6.194,2	6.992,2	12,9	6.450,4	7.416,5	15,0	256,2	424,3	168,1
Galicia	13.752,3	15.216,7	10,6	12.125,2	14.324,1	18,1	-1.627,1	-892,6	734,5
España	232.954,5	259.559,0	11,4	155.004,8	169.872,0	9,6	-77.949,7	-89.687,0	-11.737,3
G/E	5,9	5,9		7,8	8,4		2,1	1,0	

Fonte: ICEX

○ 1.3.5.

– Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 15.216,7 millóns de euros, o que representa, ao igual que no ano anterior, o 5,9% das importacións españolas. A provincia de A Coruña, tras unha medra do 6,3%, mantense como a provincia co maior volume de importacións, por diante de Pontevedra. Do devandito **cadro 1.3.5.** despréndese que A Coruña acolle o 48% do valor total das importacións galegas, seguida de Pontevedra, co 46%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a medra do volume de importacións en todas as provincias, destacando Pontevedra, con 798,0 millóns de euros máis que en 2005 (un 12,9%).

No que atinxe á **análise sectorial** das importacións, o cadro 1.3.6. indica que ao longo do último ano, e ao igual que no ano anterior, rexistráronse incrementos nos cinco grandes sectores considerados –enerxético, sector primario, semimanufacturas, bens de equipamento e bens de consumo–. No último ano o maior incremento interanual rexistrouse no caso das semimanufacturas, cun 18,7%, e dentro deste, salienta o subsector dos metais, cunha medra do 27,2% respecto ao importe de 2005. Séguelle en importancia o sector de bens de consumo, cun incremento do 18,5%.

En termos do peso relativo no valor das importacións galegas, dado o peso do sector da automoción e do capítulo de navegación marítima ou fluvial, cómpre destacar o sector de bens

Exportacións e importacións galegas 2006: distribución sectorial

	Exportacións				Importacións			
	Importe	06/05	peso relativo	G/E	Importe	06/05	peso relativo	G/E
	(en millóns de €)		(%)		(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	421,8	-13,2	2,9	5,3	2.422,9	15,3	15,9	6,0
Non enerxéticos	13.902,3	19,4	97,1	8,6	12.794,0	9,8	84,1	5,8
Sector primario	2.443,0	12,3	17,1	8,3	2.946,8	9,0	19,4	8,8
Produtos agrícolas	1.743,9	10,6	12,2	7,4	2.204,1	9,5	14,5	9,9
Materias primas	699,1	16,9	4,9	11,9	742,7	7,8	4,9	6,6
Semimanufacturas	1.457,6	7,1	10,2	3,3	2.608,0	18,7	17,1	4,4
Industria química	586,3	8,0	4,1	2,4	997,7	7,6	6,6	2,9
Metais	525,1	10,9	3,7	3,4	1.499,9	27,2	9,9	6,8
Outras semimanufacturas	346,2	0,5	2,4	7,4	110,4	21,2	0,7	4,4
Manufacturas	10.001,8	23,4	69,8	11,4	7.239,2	7,2	47,6	5,7
Bens de equipamento	7.102,8	18,0	49,6	10,5	5.171,0	3,3	34,0	5,4
Maquinaria	685,6	20,3	4,8	2,7	913,7	43,0	6,0	1,8
Materiais de transporte	6.417,2	17,8	44,8	15,3	4.257,4	-2,5	28,0	9,5
Bens de consumo	2.899,0	39,1	20,2	14,6	2.068,2	18,5	13,6	6,6
Peletería	78,7	20,3	0,5	7,2	60,5	13,7	0,4	3,7
Téxtiles	2.103,2	29,7	14,7	28,6	1.664,0	18,6	10,9	12,8
Outros bens de consumo	717,1	80,7	5,0	6,2	343,7	18,9	2,3	2,0
Total	14.324,1	18,1	100	8,4	15.216,9	10,7	100	5,9

Fonte: ICEX

1.3.6.

de equipamento, que representa o 34% das importacións galegas (o 28% do valor das importacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle case o 20% das importacións galegas, e dentro deste, ao subsector de produtos agrícolas, co 14,5% do valor total das compras.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, o devandito cadro reflicte a importancia do subsector téxtil e dos produtos agrícolas, que representan o 12,8% e o 9,9% das importacións españolas destes sectores. Séguenlle en importancia o subsector de materiais de transporte, que supoñen o 9,5% das compras españolas.

Descendendo un pouco máis na análise sectorial, o **cadro 1.3.7.** indica os principais capítulos importadores, así como os datos correspondentes á Unión Europea e aos dous países máis importantes en termos do valor total das importacións (Francia e Portugal). O capítulo 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) segue a ser o principal capítulo importador e, tras unha medra do 12,2% respecto ao ano anterior, supón o 21,1% das importacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a combustibles minerais e aceites minerais, os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais (capítulo 27), co 15,9%, e peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados (03), co 10,2% do valor total das importacións. En conxunto, estes tres capítulos acollen case a metade (47,2%) das importacións galegas.

Da análise da **distribución xeográfica** das importacións galegas destaca, como é habitual, a súa maior concentración nos países da Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 1.3.4.**, máis da metade do valor total das importacións procede da UE (8.286,8 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 6,4% (976,8 millóns de euros), seguida de América central, co 5,8% (885,0 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 2.968,9 millóns de euros, seguido de Portugal, con 1.910,9 millóns.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.171,1 millóns de euros, o que representa o 38,3% das importacións procedentes desa área económica e un 99% do valor total das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo impor-

Importacións 2006: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia e Portugal

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. /	06/05	Unión	Francia	Portugal
			(en millóns de €)	total	(%)	Europea	(en millóns de €)	
1	87	Automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	3.204,7	21,1	12,2	3.171,1	2.262,1	335,0
2	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	2.422,9	15,9	15,3	319,5	23,2	41,7
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.552,7	10,2	11,5	378,4	75,7	120,4
4	89	Navegación marítima ou fluvial	1.049,4	6,9	-29,2	79,8	7,1	55,6
5	72	Fundición, ferro e aceiro	912,2	6,0	29,4	824,2	250,7	416,1
6	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	747,1	4,9	26,7	149,6	3,9	107,5
7	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	535,1	3,5	9,3	245,4	3,1	181,5
8	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	520,7	3,4	25,6	346,7	31,9	38,1
9	30	Productos farmacéuticos	410,8	2,7	3,0	341,5	25,7	0,1
10	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	393,0	2,6	75,1	301,0	20,9	17,4
Total dos principais capítulos			11.748,5	77,2	10,3	6.157,3	2.704,1	1.313,3
Resto			3.468,2	22,8	11,9	2.129,5	264,8	597,6
Total			15.216,7	100	10,6	8.286,8	2.968,9	1.910,9

Fonte: ICEX

○ 1.3.7.

tador corresponde ao capítulo 27 (combustibles e aceites minerais), cun importe de 824,2 millóns de euros, representando o 9,9% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 90,4% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

Tanto no caso de Francia como no de Portugal, ambos os dous capítulos son os máis importantes en termos absolutos. Con todo, mentres que en Francia representan case o 85% das compras nese país (máis de tres cuartas partes corresponden á automoción), en Portugal esta porcentaxe só é do 39,3%.

– Exportacións

O importe total das vendas galegas a terceiros países ascendeu no último ano a 14.324,1 millóns de euros, o que representa o 8,4% das exportacións españolas (seis décimas máis que en 2005). Comparado co ano anterior, as exportacións medraron en Galicia un 18,1%, oito puntos porcentuais e medio máis que no ano anterior.

Tras un incremento do 15%, Pontevedra segue a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 51,8% das exportacións galegas. Séguelle en importancia A Coruña (41,7%), que volve a ser a provincia coa maior taxa de crecemento interanual, cunha medra do 23,3%.

Da **análise sectorial** recollida no devandito **cadro 1.3.6.** despréndese que, a diferenza do acontecido coas importacións, no ano 2006 medra o valor total das exportacións dos sectores non enerxéticos, descendendo o volume de exportacións dos produtos enerxéticos. Novamente os sectores que experimentaron unha maior taxa de crecemento interanual foron os manufactureros, onde os bens de consumo medraron un 39,1% respecto ao valor das exportacións de 2005, e os bens de equipamento o fixeron nun 18%.

En termos do peso relativo no valor das exportacións galegas, dada a importancia do sector da automoción, cómpre salientar o sector de bens de equipamento, que representa a metade das exportacións galegas, (o 44,8% do valor das exportacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector de bens de consumo, co 20,2% das exportacións (os téxtiles representan o 14,7% do valor total das exportacións galegas) e ao sector primario, que acolle o 17,1% das exportacións (o subsector de produtos agrícolas acolle o 12,2% das vendas galegas).

No concernerente ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, o devandito

Exportacións 2006: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia e Portugal

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	06/05	Unión Europea		
			(en millóns de €)	(%)	(%)	(en millóns de €)	Francia	Portugal
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.914,3	34,3	17,6	4.303,2	3.719,8	156,9
2	89	Navegación marítima ou fluvial	1.499,6	10,5	18,2	147,0	81,5	55,0
3	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.151,5	8,0	25,9	882,8	157,3	206,4
4	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	895,5	6,3	7,0	766,4	60,2	332,2
5	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	701,3	4,9	30,5	535,3	88,2	123,2
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	432,1	3,0	14,8	189,5	29,3	63,4
7	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	421,8	2,9	-13,2	156,5	12,3	82,3
8	99	Posicións de reagrupamento	411,5	2,9	230,1	5,8	0,1	2,6
9	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	345,8	2,4	12,6	308,5	73,9	56,9
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	343,7	2,4	14,5	258,7	31,4	94,8
Total dos principais capítulos			11.116,9	77,6	34,9	7.553,7	4.253,9	1.173,7
Resto			3.207,1	22,4	42,1	2.607,1	408,6	1.000,8
Total			14.324,1	100	36,4	10.160,7	4.662,5	2.174,5

Fonte: ICEX

1.3.8.

cadro reflicte que Galicia representa o 28,6% das exportacións españolas do sector téxtil, fronte a 15,3% do sector de materiais de transporte ou o 11,9% do subsector de materias primas.

Ao igual que no caso das importacións, o sector máis importante en canto ao importe das mesmas é o capítulo 87, correspondente a “automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”, que concentra máis dun terzo das exportacións galegas. En segundo lugar sitúase o capítulo correspondente á navegación marítima ou fluvial (89), co 10,5% do valor total das exportacións, e en terceiro lugar, o capítulo 62, correspondente a “prendas e complementos de vestir, agás os de punto”, que representa o 8% das vendas.

A Unión Europea concentra no ano 2006 o 70,9% do valor total das exportacións galegas (10.160,7 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.662,5 millóns de euros. Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.174,5 millóns de euros.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 1.3.8.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 4.303,2 millóns de euros, o que representa o 42,4% das exportacións á UE e un 87,6% do valor total das exportacións galegas correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo exportador, o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 882,8 millóns de euros, representa tan só o 8,7% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse, como é lóxico, no capítulo 87, que acolle o 80% das vendas a ese país e máis das tres cuartas partes das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. Pola contra, no caso portugués, o predominio das exportacións prodúcese no capítulo 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos), que acolle o 15,3% das vendas galegas a Portugal.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos do *Registro de inversiones españolas en el exterior* reflicten que o ano 2006 presentou unha tendencia similar á rexistrada no ano anterior, reducíndose o volume de investimento estranxeiro directo en Galicia (51,7% en 2006) e medrando o investimento galego no exterior (7,1%).

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2005-06

	2005			2006			06/05
	Total (en millóns de €)	(%)	UE-27 (en millóns de €)	Total (en millóns de €)	(%)	UE - 27	
Andalucía	301,8	2,2	208,4	228,2	2,4	183,9	-24,4
Aragón	57,0	0,4	53,3	90,3	0,9	87,4	58,4
Asturias	8,3	0,1	3,8	32,6	0,3	30,4	292,8
Baleares	205,6	1,5	132,4	97,4	1,0	59,9	-52,6
Canarias	26,7	0,2	7,3	40,0	0,4	13,8	49,7
Cantabria	1,1	0,0	0,5	4,5	0,0	4,1	307,3
Castela e León	20,7	0,2	20,2	30,6	0,3	24,3	47,7
Castela-A Mancha	18,1	0,1	17,2	236,8	2,5	224,0	1.207,8
Cataluña	2.498,0	18,1	1.719,3	2.521,5	26,5	2.305,2	0,9
C. Valenciana	216,7	1,6	205,9	160,9	1,7	131,8	-25,7
Extremadura	8,9	0,1	7,0	3,7	0,0	1,1	-58,2
Galicia	190,3	1,4	165,0	91,9	1,0	13,0	-51,7
Madrid	3.772,5	27,4	2.852,0	4.115,8	43,2	3.424,8	9,1
Murcia	41,6	0,3	24,3	93,4	1,0	86,4	124,8
Navarra	11,3	0,1	5,1	136,4	1,4	119,4	1.108,9
País Vasco	190,4	1,4	151,2	303,9	3,2	258,9	59,6
A Rioxa	3,8	0,0	3,8	0,5	0,0	0,5	-86,8
Ceuta-Melilla	5,4	0,0	5,4	8,9	0,1	8,6	65,5
Sen asignar	6.190,1	-	6.174,6	1.326,8	13,9	1.311,1	-78,6
Total	13.768,2	100	11.756,6	9.524,1	100	11.921,0	-30,8

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

1.3.9.

ticamente á metade do realizado en 2005, acadando un total de 91,9 millóns de euros. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia acolle o 1% do IDE en España, sendo a décima comunidade autónoma con maior investimento por detrás de Madrid e Cataluña, que acollen o 70% do investimento, País Vasco, Castela-A Mancha, Andalucía, a C. Valenciana, Navarra, Murcia e Aragón (**cadro 1.3.9.**). Cómpre salientar que na análise da distribución segundo CC.AA. podería existir un sesgo a favor daquelas nas que se sitúa con maior frecuencia a sede social das empresas, que pode non gardar relación co emprazamento efectivo dos centros de produción e de xeración de emprego.

A UE-27 é a responsable do 14,1% do investimento estranxeiro en Galicia no ano 2006 (13,0 millóns de euros), porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado, que foi do 87% nese ano. No ámbito europeo, as empresas de Austria e Portugal foron as principais investidoras en Galicia, con 8,0 e 3,1 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE, o principal investidor foi Estados Unidos, cun volume de investimento de 74,5 millóns de euros, o 81,1% do total investido en Galicia.

O investimento estranxeiro dirixiuse fundamentalmente ao sector químico e de transformación de caucho e plásticos, que acolle o 80,3% do investimento en Galicia, seguíndolle en importancia o no conxunto do Estado sector agrícola e gandeiro, co 8,7% do IDE. Do investimento realizado en España nestas dúas actividades, Galicia acolle, respectivamente, o 18,4% e 13,8% do investimento estranxeiro.

O **investimento galego no exterior** medrou en 2006 un 7,1% respecto ao ano anterior para situarse nos 836,5 millóns de euros, o que sitúa a Galicia coma a quinta comunidade que máis inviste no estranxeiro tras Madrid, que acolle as tres cuartas partes do investimento total, Cataluña, Cantabria e o País Vasco. Tendo en conta o incremento do 93,2% do investimento español no estranxeiro, **cadro 1.3.11.**, o peso relativo do investimento galego descendeu ata o 1,5% (o 2,7% do investimento estatal en 2005).

O investimento galego diríxese fundamentalmente aos países da Unión Europea, que acollen case as dúas terceiras partes do investimento total. Entre os países da UE, o principal destino volve a ser Italia, con 180,3 millóns de euros, seguido por Francia e Alemaña, con 134,2 e 94,8 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE cómpre salientar o importe do investimento galego en Estados Unidos, que ascende a 109,1 millóns de euros, e en Namibia e Chile, cun investimento de 46,9 e 37,9 millóns de euros.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2006: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E	
	2006		2006		2005	2006
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)	
Sector primario	8,8	9,5	64,4	0,3	2,1	13,6
Agricultura, gandería e caza	8,0	8,7	57,9	0,3	-	13,8
Selvicultura e explotación forestal	-	-	1,5	0,0	-	-
Pesca e acuicultura	0,8	0,8	5,0	0,0	45,7	15,1
Industria	76,9	83,7	2.310,4	12,2	1,3	3,3
Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga	-	-	176,5	0,9	1,9	-
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	238,2	1,3	0,3	-
Alimentación, bebidas e tabaco	0,3	0,3	274,8	1,5	2,1	0,1
Ind. téxtil e da confección	0,0	0,0	88,0	0,5	0,0	0,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	0,9	1,0	357,3	1,9	0,4	0,2
Ind. química e transformación caucho e plásticos	73,8	80,3	399,9	2,1	1,2	18,4
Outras manufacturas	2,0	2,2	775,7	4,1	1,4	0,3
Construción	0,0	0,0	122,8	0,7	14,0	0,0
Servizos	6,2	6,7	7.026,6	37,3	1,2	0,1
Comercio	1,0	1,1	955,6	5,1	0,1	0,1
Hostalería	0,0	0,0	703,5	3,7	0,9	0,0
Transporte e comunicacións	0,2	0,2	2.196,8	11,6	0,2	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	0,3	0,3	513,9	2,7	14,3	0,1
Actividades inmobiliarias e servizos	4,6	5,0	2.252,5	11,9	0,1	0,2
Outros	0,1		404,1	2,1	0,0	0,0
Total	91,9	100	18.861,1	100	1,4	1,0

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

○ 1.3.10.

Investimento das CC.AA. no exterior 2005-06

	2005		2006		06/05	
	Total	UE-27	Total	UE-27		
	(en millóns de €)	(en millóns de €)	(en millóns de €)	(en millóns de €)	(%)	
Andalucía	212,2	0,7	123,3	348,7	0,6	64,3
Aragón	65,8	0,2	60,6	77,4	0,1	17,6
Asturias	5,5	0,0	2,9	120,2	0,2	2.071,3
Baleares	205,4	0,7	7,8	369,1	0,7	79,7
Canarias	1,0	0,0	0,2	68,0	0,1	6.522,5
Cantabria	169,8	0,6	60,2	4.476,4	8,0	2.536,3
Castela e León	182,4	0,6	122,0	14,7	0,0	-92,0
Castela-A Mancha	0,8	0,0	0,8	8,2	0,0	958,7
Cataluña	3.094,1	10,7	1.902,3	4.721,6	8,4	52,6
C. Valenciana	184,2	0,6	156,4	163,6	0,3	-11,2
Extremadura	4,1	0,0	4,0	0,6	0,0	-84,4
Galicia	781,2	2,7	407,8	836,5	1,5	7,1
Madrid	22.607,7	78,1	16.849,1	42.106,9	75,3	86,3
Murcia	137,3	0,5	109,3	93,2	0,2	-32,1
Navarra	74,9	0,3	60,7	68,9	0,1	-8,0
País Vasco	1.220,7	4,2	439,0	2.454,8	4,4	101,1
A Ríoxa	0,5	0,0	0,0	4,3	0,0	716,2
Total	28.947,6	100	20.306,3	55.933,0	100	93,2

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

○ 1.3.11.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2006: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E	
	2006		2006		2005	2006
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)	
Sector primario	91.184,2	10,9	157415,78	0,3	79,1222454	57,9
Agricultura, gandería e caza	-	-	44.977,1	0,1	-	-
Selvicultura e explotación forestal	-	-	-	-	-	-
Pesca e acuicultura	91.184,2	10,9	112.438,7	0,2	88,9	81,1
Industria	41.032,3	4,9	5.135.779,1	9,2	5,5	0,8
Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga	-	-	1.002.148,1	1,8	3,3	-
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	33.957,6	0,1	-	-
Alimentación, bebidas e tabaco	4.277,1	0,5	1.407.038,0	2,5	0,6	0,3
Ind. téxtil e da confección	1.250,0	0,1	7.621,7	0,0	2,0	16,4
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	486.468,4	0,9	-	-
Ind. química e transformación caucho e plásticos	1.376,2	0,2	430.696,0	0,8	-	0,3
Outras manufacturas	34.129,0	4,1	1.767.849,3	3,2	10,2	1,9
Construción	-	-	2.492.393,7	4,5	1,0	-
Servizos	704.328,6	84,2	48.147.405,4	86,1	1,7	1,5
Comercio	533.313,2	63,8	1.440.919,5	2,6	9,7	37,0
Hostalería	207,3	0,0	632.557,5	1,1	1,0	0,0
Transporte e comunicacións	291,2	0,0	30.342.397,7	54,2	0,0	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	19.802,2	2,4	9.421.465,8	16,8	0,2	0,2
Actividades inmobiliarias e servizos	149.862,9	17,9	3.482.045,4	6,2	3,0	4,3
Outros	851,9	0,1	2.828.019,5	5,1	0,6	0,0
Total	836.545,0	100	55.932.993,9	100	2,8	1,5

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

○ 1.3.12.

As tres ramas de actividade máis importantes en canto ao volume se refire foron as relacionadas co comercio, que concentra máis dun 60% do investimento galego, as actividades inmobiliarias e servizos, co 17,9%, e as actividades pesqueiras e acuícolas, co 10,9% do investimento galego no exterior. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia relativa da actividade pesqueira e acuícola, que representa o 81,1% do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro en 2006, así como a dos subsectores do comercio e téxtil, co 37% e 16,4%, respectivamente.

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O Plan FOEXGA presenta como obxectivo estimular as exportacións e a expansión exterior da empresa galega. Ao longo do último ano volveu a incrementarse o investimento e o número total de actuacións, que abarcan tanto o ámbito da promoción, como o da información e formación en comercio exterior. Como reflicte o **cadro 1.3.13.**, nas 173 accións levadas a cabo no último ano investíronse un total de 4.329,5 miles de euros (14,2% máis que en 2005), dos que o 41,8% foi aportado pola Xunta, e un 31,2% e 27,0%, polas Cámaras de Comercio e as empresas, respectivamente.

O 52,3% das actuacións diríxense a Europa, fronte ao 16,2% que vai aos países asiáticos e aos de América do Norte e Central. Os países de América do Sur reciben o 7,7% das accións “Foexga 2006”.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes, son as correspondentes ás misións comerciais directas e ás feiras internacionais. En conxunto, estas dúas accións acollen máis da metade das accións totais realizadas e case as dúas terceiras partes do investimento total.

Nas 45 misións comerciais directas realizadas en 2006, a meirande parte das mesmas de carácter multisectorial ou plurisectorial, participaron un total de 513 empresas. O investimento total ascendeu a 1.519,6 miles de euros, e a diferenza do acontecido no caso das feiras internacionais, a Xunta é o principal investidor, con 626,6 miles de euros.

Resumo das actuacións do Plan FOEXGA 2006					
	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			<i>(en €)</i>		
Misións comerciais directas	45	1.519.625,85	626.632,20	515.873,58	377.120,07
Misións comerciais inversas	24	352.373,40	207.740,91	-	144.632,49
Misións de estudos	4	112.866,37	48.313,34	32.479,33	32.073,70
Encontros empresariais	4	132.218,43	56.211,37	39.591,29	36.415,77
Feiras internacionais	50	1.197.446,11	335.512,70	581.248,84	280.684,57
Bolseiros no exterior	28	711.450,69	355.727,31	-	355.723,38
Outras accións	18	303.518,38	180.737,74	-	122.780,64
Total	173	4.329.499,23	1.810.875,57	1.169.193,04	1.349.430,62

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

○ 1.3.13.

Respecto ás participacións e visitas a feiras internacionais, o número de realizacións ascendeu a 50, das que 35 corresponderon a visitas a feiras organizadas e 15 a participacións empresariais en feiras. O investimento total ascendeu a 1,197,4 miles de euros, dos que as empresas aportaron 581,2 miles de euros. O número total de empresas participantes ascendeu a 482, das que 432 corresponden a visitas a feiras internacionais e 50 a participacións en feiras. ■